

A VISIÓN DO PROFESORADO EN FORMACIÓN SOBRE A PERSPECTIVA “UNHA SAÚDE” NA PANDEMIA DA COVID-19

PUIG, BLANCA¹; MARTÍNEZ-PENA, INÉS¹; USKOLA, ARAITZ²

¹Grupo de Investigación de Razoamento, Discurso e Argumentación (RODA), USC

²Universidad del País Vasco / Euskal Erriko Unibertsitatea (UPV/EHU)

1. Introducción

Durante a pandemia da COVID-19 proporcionouse pouca información para contextualizala como unha enfermidade emerxente (Jones et al., 2008), ou para explicar os factores que puideron favorecer a súa aparición (Organización Mundial da Saúde [OMS], 2021). O impacto humano no medio ambiente está a aumentar o risco de emerxencia de enfermidades infecciosas en humanos, máis do 60% das cales se orixinan en animais (zoonoses). A educación científica debe abordar esta cuestión mediante un enfoque de ensino orientado ao desenvolvemento do pensamento sistémico no alumnado. O pensamento sistémico é unha competencia complexa que implica identificar os compoñentes dun sistema e as interaccións entre eles (Ben-Zvi-Assaraf e Orion, 2005), sendo necesario para abordar cuestións relacionadas coa sustentabilidade e a saúde. A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura [FAO], a Organización Mundial de Sanidade Animal [OIE] e a OMS propoñen a noción "Unha Saúde" (One Health) para visibilizar as interaccións entre a saúde ambiental, animal e humana, que explican a aparición de zoonoses, como a COVID-19 (FAO, OIE, OMS, 2019). Non obstante, existen poucos estudos que aborden estas interaccións ou as causas do aumento das pandemias (Lakner et al., 2021). Este estudo pretende dar resposta á pregunta de investigación: Que visión presentan os Profesores de Educación Primaria en formación (PEPf) para propoñer accións orientadas a previr futuras pandemias, como a da COVID-19?, especificamente, en que medida as accións son coherentes co marco "Unha Saúde"?

2. Fundamentación teórica e metodolóxica

Este estudo realizouse en outubro de 2021 con 47 profesores/as de Educación Primaria en formación (PEPf) de cuarto curso do Grao en Educación Primaria (≈22 anos) dunha universidade española. Implementáronse distintas actividades sobre a orixe das epidemias e pandemias: 1) realizouse un cuestionario aberto sobre a orixe das pandemias; 2) proporcionóusel as información sobre estas mediante artigos de divulgación científica; 3) elaborouse grupalmente un mapa conceptual sobre a orixe das pandemias e propuxéronse accións para evitalas.

As accións propostas foron analizadas en dous momentos: 1) as respostas individuais a unha pregunta incluída no cuestionario inicial ("Que podemos facer para previr outra pandemia? Describe coas túas propias palabras as accións concretas que podemos levar a cabo") e 2) as accións propostas grupalmente durante a elaboración do mapa conceptual. A análise require identificar dous niveis de pensamento sistémico, de acordo con Ben-Zvi-Assaraf e Orion (2005): compoñentes do sistema (dimensións de "Unha Saúde") e interrelacións entre os compoñentes. As accións propostas polos PEPf codificáronse tendo en conta o establecemento de interrelacións, é dicir, se incluíron referencias ás dimensións animal e ambiental (ademais da humana) e á explicación das interaccións entre estas dimensións.

3. Resultados e discusión

Nas respostas iniciais individuais, os PEPf propuxeron un total de 111 accións: 81 (73%) relacionadas coa dimensión humana, 23 (20,7%) coa medioambiental e 7 (6,3%) coa animal. O

90,7% dos PEPf propuxeron polo menos unha acción na dimensión humana, o 27,9% na medioambiental e o 16,3% na animal. Na actividade realizada en grupo, propuxéronse un total de 209 accións: a maioría delas, 109 (52,2%) foron propostas na dimensión ambiental; 55 (26,3%) están relacionadas coa dimensión humana e 45 (21,5%) coa animal. Tódolos grupos propuxeron polo menos unha acción nas dimensións humana, ambiental e animal.

Respecto ás interrelacións entre os compoñentes identificadas inicialmente polos PEPf de forma individual, a maioría (62,8%) non establece interrelacións e só identifica a dimensión humana. O 32,6% restante establece unha interrelación de forma implícita entre algunha das esferas de "Unha Saúde" e ningún deles establece unha interrelación explícita e xustificada. Pola contra, en grupo, todos identifican algún tipo de interrelación. A maioría (81,8%) establecen interrelacións implícitas entre algunha das dimensións de "Unha Saúde" e un 18,2% chega a establecer interrelacións explícitas e xustificadas entre as distintas dimensións.

4. Conclusións

Os resultados mostran que, inicialmente, os PEPf fixeron referencia principalmente a accións na dimensión da saúde humana, pero apenas mencionaron accións relacionadas coa saúde ambiental ou animal. Isto é coherente coas medidas e recomendacións proporcionadas polos gobernos á cidadanía para actuar contra a pandemia de COVID-19, que estaban dirixidas á adopción de medidas preventivas (uso de máscara, lavado de mans, etc.). Os medios de comunicación tamén puxeron o foco de atención na dimensión humana, obviando os factores ambientais e animais que interveñen nestes fenómenos (Lakner et al., 2021). As accións grupais propostas despois de analizar a información proporcionada mostran que todos mencionaron accións nas tres dimensións e que amosaron capacidade para identificar e explicar as interrelacións entre o medio ambiente, a saúde animal e a saúde humana. Os datos indican que o traballo en grupo permitiu mellorar e aproximarse á visión de "Unha Saúde", aínda que é necesario continuar investigando sobre o uso da información proporcionada.

5. Agradecementos

Este traballo foi financiado por FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades-Axencia Estatal de Investigación. Proxectos de Xeneración de Coñecemento: PID2022-138166NB-C21; PID2022-1370100B-I00.

6. Referencias

- Ben-Zvi-Assaraf, O., Orion, N. (2005). Development of system thinking skills in the context of Earth system education. *Journal of Research in Science Teaching*, 42(5), 518–560.
- Food and Agriculture Organization of the United Nations, World Organisation for Animal Health, World Health Organization. (2019). *Taking a Multisectoral One Health Approach: A Tripartite Guide to Addressing Zoonotic Diseases in Countries*. Recuperado de <https://www.who.int/initiatives/tripartite-zoonosis-guide>
- Jones, K.E., Patel, N.G., Levy, M.A., Storeygard, A., Balk, D., Gittleman, J.L., Daszak, P. (2008). Global trends in emerging infectious diseases. *Nature*, 451, 990-994.
- Lakner, Z., Plasek, B., Kiss, A., Soos, S., Temesi, A. (2021). Derailment or Turning Point? The Effect of the COVID-19 Pandemic on Sustainability-Related Thinking. *Sustainability*, 13(10), 5506.
- World Health Organization. (2021). *New international expert panel to address the emergence and spread of zoonotic diseases*. Recuperado de <https://www.who.int/news/item/20-05-2021-new-international-expert-panel-to-address-the-emergence-and-spread-of-zoonotic-diseases>